

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADJUDICA DEFINITIVAMENTE O CONTRATO PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PORTAL WEB DO CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

Con data 23 de novembro de 2009 comunicouse á empresa Factoría de Software e Multimedia, S.L., a Resolución do órgano de contratación da mesma data pola que se acordaba a adjudicación provisional do contrato para a implementación do portal web do Centro de Supercomputación de Galicia (en diante CESGA), a favor súa, e se lle requiría para que aportara a documentación enunciada na cláusula 10.1 do prego de condicións que rexeron a contratación.

A empresa adjudicataria presentou en tempo e forma toda a documentación requirida.

En cumprimento do disposto na cláusula 10.2 do prego de condicións, e de conformidade coas facultadas que me confiren os Estatutos da FUNDACIÓN CESGA,

ACORDO:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adjudicación provisional do contrato para a implementación do portal web do CESGA á empresa Factoría de Software e Multimedia, S.L., titular do CIF: B-70001912, polo importe de 44.000,00 € (CORENTA E CATRO MIL EUROS) máis 7.040,00 € (SETE MIL CORENTA EUROS) de Imposto Sobre o Valor Engadido (IVE).

Segundo.- Requirit ao adjudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo de dez (10) días hábiles dende a comunicación da presente resolución, ao que uniráselle, formando parte integrante do mesmo, a oferta do adjudicatario (conformando o Anexo I) e un exemplar dos pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron o procedemento de contratación (conformando o Anexo II), debidamente asinados polo contratista.

Terceiro.- Poñer a disposición dos licitadores non adjudicatarios a documentación que xuntaban as súas proposicións.

Cuarto.- Publicar no perfil do contratante da páxina web da FUNDACIÓN CESGA a información sobre a adjudicación do contrato, en cumprimento do disposto no artigo 10.3 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración Pública galega.

En Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2009,



**O Director-Xerente da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia – FUNDACIÓN CESGA-
Asdo.: D. Javier García Tobío**